

VIGO - 28-xulio-1961

Sr. D. Luís Tobío Fernández
Montevideo

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta do 19, pero ningunha outra chegou, en troques, ó meu poder. Si así non fose teríache respondido coa puntualidade con que adoito facelo.

Vexo que no envés do sobre figura unha nova dirección. Nada sabía que te trasladaras de domicilio, e tómome que non recibas os libros de Galaxia que seguimos remesando ó anterior enderezo.

Con relación ás encomendas que me fas, debo manifestarche o seguinte:

Hoxe mesmo, por correo aéreo certificado, mandeiche unha coleición de 42 fotos de paisaxes, vilas, etc. Algunhas delas coido que son boas. Podes escoller as que millor che parezan. Andiven de cabeza pra as procurar, valéndome dunha xente e doutra. Si me tiveras concedido algún marxe de tempo, seríame máis doado conseguir series completas.

Ontes escribinl~~læz~~ a Parga Pondal no senso que me indicas. Cando me conteste, informareite do que diga.

Escribo moi de presa, porque ando cheo de atafegos que non me permiten respiro. Outro día fareino máis de vagar.

Non deixes de me comunicar a receición das fotos, pra a miña tranquilidade.

A forte aperta de sempre, de

Luís R.